

► 19 Novembro, 2015

Novela coral

Un relato ben artellado

PAULA FERNÁNDEZ

En xuño de 2015 cando na illa de San Simón se fallaba o Premio Merlín de Literatura Infantil a elección do xurado foi clara e unánime, Érica Esmoris con *Nena e o mar*. Unha autora, veterinaria, que xa contaba con dúas novelas infantís publicadas antes de recibir o devandito premio que deixara o mundo animal para dedicarse ao audiovisual e compartilo coa literatura. O apego de Érica á literatura dedúcese da paixón que deixa ver entre as súas liñas, e o infantil semella o seu xénero dado o seu bo que-facer, tal e como amosa en *Nena e o mar* unha novela coral que non hai moito edicións Xerais sacou do prelo con multitude de historias mais cun claro leitmotiv, a aventura de Nena na procura de Otto, seu pai.

Nena vive co seu pai nunha tradicional e decadente vila mariñeira, podería ser calquera vila galega coa súa poboación avelentada. Todos os días Otto, o home máis novo da vila, sae ao mar e a cativa queda ao coidado dos habitantes de Porto Balea, todos anciáns

sen esperanza que se deixan ir mentres a vila esmorece cada vez máis. Mais un día Otto non regresa da faena no mar porque naufragara na illa das Sereas e comeza aquí a aventura

da rapaza que, ao contrario ca o resto dos habitantes, amosando unha forza abraiante e a inocencia propia da infancia, inicia unha simbólica viaxe de esperanza chea de perigos, unha aventura fantástica agotadora na que nada fai que Nena desista do seu obxectivo.

Un argumento que se enriquece polas historias dos habitantes de Porto Balea inseridas na historia principal que fan desta unha novela coral. Eles lembran con saudade, no ton melancólico que goberna o texto, etapas anteriores das súas vidas, relatos dentro do relato que en moitas ocasións amosan contas pendentes coa súa propia historia vital.

Resulta así unha novela completa e moi ben artellada, que non esquece valores fundamentais e emprega unha nena para presentalos. Un feito que a fai sumamente atractiva para as lectoras e lectores do 3º ciclo da educación primaria. Unha nena, a heroína dunha historia de aventuras feita tan real que até podería verse como a protagonista dun filme

ESMORIS, Érica, *Nena e o mar* (ilustr. Dani Padrón), Ed. Xerais, Vigo, 2015, PVP.12,50 €

O texto resulta especialmente atractivo para os novos lectores

